

Resolución Reitoral do 30 de xuño de 2017 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes de 2 bolsas de formación complementaria para o estudiantado da Universidade de Vigo matriculado na Facultade de Belas Artes para o desenvolvemento de actividades na Sala de Exposicións para o curso 2017-2018.

Convocadas dúas bolsas de formación complementaria para o estudiantado da Universidade de Vigo matriculado na Facultade de Belas Artes para o desenvolvemento de actividades na Sala de Exposicións para o curso 2017-2018, mediante Resolución Reitoral do 07 de xuño de 2017, considerando que a día de hoxe non se presentaron solicitudes para cubrir as ditas bolsas, e valorando o interese desta prestación para a comunidade universitaria,

ESTA REITORÍA

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta Universidade

RESOLVE

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes **ata o 12 de xullo de 2017.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pontevedra, 30 de xuño de 2017

O reitor

(Por Delegación R.R. 07/05/2014)

O vicerreitor do Campus de Pontevedra



Manuel Corbacho Valencia